

# **O MERCADO DE TRABALLO EN GALIZA (ANO 2011)**

**ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA (EPA)**



**Gabinete Técnico confederal.**

# ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA. ANO 2011

Xa rematado o ano 2011, a realidade do mercado laboral galego é demoledora. Desde o ano 2008, asistimos a unha perda constante e importante de postos de traballo. Estamos falando de 110.400 postos de traballo destruídos no último lustro e, aínda, un maior aumento da poboación parada, xa que a poboación activa aumentou neste período.

Dese o ano 2007, a partir do cal comeza a aumentar o desemprego, son 129.000 as persoas desempregadas que temos a maiores en Galiza.

Comezamos pola evolución das principais variábeis básicas.

Principais variábeis básicas.

	2007	2008	2009	2010	2011	Variación			
						Relativa		Absoluta	
						11/10	11/07	11/10	11/07
Total									
Total	2.380,90	2.387,60	2.386,20	2.383,30	2.377,00	-0,3	-0,2	-6,300	-3,900
Activos/as	1.292,00	1.314,80	1.317,40	1.300,90	1.311,20	0,8	1,5	10,300	19,200
Poboación ocupada	1.193,40	1.200,10	1.151,40	1.100,70	1.083,00	-1,6	-9,3	-17,700	-110,400
Poboación parada	98,7	114,7	165,9	200,3	228,3	14,0	131,3	28,000	129,600
Inactivos/as	1.088,90	1.072,80	1.068,90	1.082,40	1.065,80	-1,5	-2,1	-16,600	-23,100

Fonte: EPA. INE.

Nunha situación de crise e destrución de emprego como a que estamos vivindo, o aumento da poboación activa é un fenómeno habitual, que obedece, en moitos casos, á saída en busca de emprego de máis membros da unidade familiar ante a necesidade de conseguir uns ingresos mínimos. Se analizamos os novos activos que se incorporaron neste último ano o mercado de traballo galego vemos que foron mulleres, concretamente 14.000 novas activas (a poboación estranxeira, que xunto coas mulleres, estaba medrando nestes últimos anos, freou a súa chegada xa que apenas aumentou en 1.000 persoas, todos eles homes). O feito de seren mulleres as novas activas afianza o argumento anterior; ante a perda de emprego do membro masculino do fogar, sae a muller ao mercado de traballo para intentar acadar uns ingresos, e dalgunha forma manter o nivel de vida da unidade familiar.

Pero a maioría delas pasaron a engrosar as listas do desemprego, xa que a poboación ocupada está descendendo. Así, o mercado de traballo galego non é capaz de absorber e dar traballo a estes novos activos polo que pasan a engrosar a lista de persoas desempregadas; de aí que medre máis a poboación parada do que descende a ocupada.

Neste último ano o descenso da poboación ocupada foi de 17.700 persoas, e o aumento do paro de 28.000. A seguir, imos analizar en que sectores, provincias, a que idades, etc., afectou esta importante perda de emprego.

## Poboación ocupada.

- **A mocidade e os homes os máis afectados pola crise.**

Durante 2011, foi sobre todo entre os homes onde maioritariamente descendeu a ocupación.

Persoas ocupadas segundo sexo e idade.

Total	Total		Homes		Mulleres		Variación		
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	Total	Home	Muller
Total	1.100,70	1.083,00	600,8	583,4	499,9	499,5	-1,6	-2,9	-0,1
De 16 a 24 anos	61,3	54,4	34,9	30,5	26,4	23,9	-11,3	-12,6	-9,5
De 25 a 34 anos	288	269,9	151,4	141,3	136,6	128,6	-6,3	-6,7	-5,9
De 35 a 44 anos	319,4	321,2	174,5	174,9	144,9	146,2	0,6	0,2	0,9
De 45 a 54 anos	271,1	273,7	149	147,8	122,1	126	1,0	-0,8	3,2
De 55 e máis anos	160,9	163,8	91	88,9	69,8	74,8	1,8	-2,3	7,2

Fonte: EPA. INE.

Dos 17.700 empregos que se destruíron durante 2011, 17.400 foi emprego masculino fronte aos 400 postos de traballo que se destruíron entre as mulleres.

Por idades tamén os diferenzas son moi significativas: a xente nova é claramente a máis prexudicada por esta forte vaga de despedimentos. Neste intervalo de idade, o xénero é pouco significativo; sexan homes ou mulleres a destrución de postos de traballo é masiva. En termos porcentuais o descenso é maior entre as persoas máis novas, pero en valores absolutos as persoas de entre 25 a 34 anos as que sofren as maiores caídas.

A partir dos 35 anos entre os homes séguese destruíndo emprego e pola contra entre as mulleres medra a ocupación.

- **O 78,5% dos empregos destruídos durante 2011 foron no sector da construción.**

Comezamos polo análise sectorial.

Persoas ocupadas por sector económico. Datos en miles e tanto por cento.

						Variación	
						Relativa	Absoluta

	2007	2008	2009	2010	2011	11/10	11/07	11/10	11/07
Total	1.193,4	1.200,1	1.151,4	1.100,7	1.083,0	-1,6	-9,3	-17,7	-110,4
Agricultura e pesca	103,1	96,3	91,6	86,0	83,0	-3,5	-19,5	-3,0	-20,1
Industria	217,3	215,3	194,1	171,6	175,5	2,3	-19,2	3,9	-41,8
Construción	147,3	131,9	115,7	105,2	91,3	-13,2	-38,0	-13,9	-56,0
Servizos	725,7	756,5	750,1	737,2	733	-0,6	1,0	-4,2	7,3

Fonte: EPA. INE.

Tanto no último ano, como desde o inicio da crise, o sector máis prexudicado foi sen dúbida a construción. Só no último ano descendeu un 13,2% a ocupación nel. E se a comparativa a facemos co ano 2007, o descenso da ocupación foi do 38%. De feito, dos 110.400 postos de traballo que se destruíron en Galiza neste quinquenio, o 50,7% foi nas actividades relacionadas co sector da construción.

Neste momento o número de persoas ocupadas na construción é de 91.300, cifra inferior aos ocupados que de media se estimaban neste sector antes do inicio da fase expansiva. Foi, a partir do ano 1996, cando a construción comezou a expandirse, e o número de empregados/as neste ano superaba os 98.000. Estamos polo tanto, hoxe, en ocupación por debaixo destes valores, o que fai pensar que poidamos estar tocando chan neste sector.

A industria, segundo sector máis afectado pola crise, durante 2011 recuperouse lixeiramente o incrementar a ocupación media un 2,3%, o que supón 3.900 ocupados máis no mesmo. Desde o inicio da crise, foron 41.800 os postos de traballo relacionados co sector industrial que se perderon en Galiza, un 19,2% da ocupación.

O sector primario tamén sufriu gravemente os avatares desta crise; un sector que leva anos perdendo peso na nosa economía. Así, nos últimos 5 anos perdeu un 19,5% das persoas ocupadas no seu seo.

O sector servizos é polo momento o que tivo un comportamento menos negativo. Ata o ano 2009 non se comezou a destruír emprego neste sector e, a partir de aquí, a caída foi menos acusada que no restos das actividades. De feito, comparado con 2007, o sector servizos aínda presenta un incremento da ocupación; concretamente 7.300 persoas empregadas máis que no ano 2007. Neste último ano a caída foi do 0,6% afectando a 4.200 traballadores/as.

A distribución máis desagregada dos sectores, por ramas de actividade, ofrece unha visión máis precisa de onde se está destruíndo emprego.

Na seguinte táboa, achegamos este datos ordenados de maior a menor perda de emprego.

Persoas ocupadas segundo rama de actividade.

	Total		variación	
	2010	2011	%	Absoluta
<b>Total</b>	<b>1.100,7</b>	<b>1.083,0</b>	<b>-1,6</b>	<b>-17,7</b>
Construción	105,2	91,3	-13,2	-13,9
Información, comunicacións, actividades artísticas	41,7	35,2	-15,6	-6,5
Transporte e almacenamento	49,5	46,6	-5,9	-2,9
Outros servizos	63	60,2	-4,4	-2,8
Industria téxtil, do coiro e do calzado	15,8	13,1	-17,1	-2,7
Actividades financeiras e de seguros	23,4	21,1	-9,8	-2,3
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	66	64,3	-2,6	-1,7
Pesca e acuicultura	20,6	18,9	-8,3	-1,7
Industria do papel, artes gráficas	5,3	4,7	-11,3	-0,6
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	75,8	75,2	-0,8	-0,6
Comercio por xunto e ao retallo	156,7	156,2	-0,3	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	42,6	42,1	-1,2	-0,5
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	23,4	23,3	-0,4	-0,1
Industria da madeira, salvo mobles	9	9,4	4,4	0,4
Hostalaría	68,9	69,9	1,5	1,0
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	37,1	38,5	3,8	1,4
Actividades sanitarias e de servizos sociais	78,9	81,3	3,0	2,4
Industrias extractivas, refinación de petróleo, fabricación de produtos farmacéuticos etc.	51,4	53,8	4,7	2,4
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	44,3	46,9	5,9	2,6
Fabricación de maquinaria, material eléctrico	53	56	5,7	3,0
Educación	68,8	75,1	9,2	6,3

Fonte: EPA. INE.

No cadro anterior reflíctese a evolución da ocupación das distintas actividades económicas, ordenadas de maior a menor perda de emprego en termos absolutos.

A variación é tan heteroxénea que se fai difícil sacar unha conclusión clara deste apartado.

A construción, ao coincidir rama de actividade única neste sector, ten un peso moi elevado, pero outras actividades, con menor peso, sufriron unha deterioración moi grande neste último ano. Así, a rama que inclúe información, comunicación, etc., perdeu 6.500 persoas activas, un 15,6%. Tampouco debemos esquecer ramas como o téxtil, actividade punteira hai poucos anos en Galiza (que chegou a crear un slogan propio, “moda galega”), está sendo dos máis prexudicados. Neste caso, xunto á crise, a feroz competencia dos países

asiáticos, levan o téxtil galego a unha destrución continúa de emprego. Neste último ano o descenso foi do 17%, 2.700 empregados/as menos, acadando unha cifra de apenas 13.000 persoas ocupadas, cando ao inicio da crise duplicaba esta cifra.

Educación foi a rama onde máis medrou a ocupación ao incorporárense 6.300 novas persoas a esta rama de actividade. Séguelle a fabricación de maquinaria e actividades inmobiliarias, que foran das máis castigadas nos últimos anos.

➤ **Desde o ano 2007, 74.100 persoas asalariadas perderon o seu posto de traballo.**

Esta evolución tan dispar non se dá na situación profesional. Neste caso a deterioración da situación económica está afectando a todas as categorías.

Persoas ocupadas por situación profesional.

						Variación			
	2007	2008	2009	2010	2011	Relativa		Absoluta	
						11/10	11/07	11/10	11/07
Total	1.193,4	1.200,1	1151,5	1.100,7	1.083,0	-1,6	-9,3	-17,7	-110,4
Empresario/a ou membro de cooperativa	249	257,2	238,9	224,1	222,4	-0,8	-10,7	-1,7	-26,6
Axudas familiares	21,5	19,2	13,4	12,2	11,3	-7,4	-47,4	-0,9	-10,2
Asalariados/as	922	922,9	898,8	863,2	847,9	-1,8	-8,0	-15,3	-74,1
Outra situación	0,9	0,8	0,4	1,1	1,4	27,3	55,6	0,3	0,5

Fonte: EPA. INE.

A caída da ocupación afectou a todas as categorías profesionais, aínda que os asalariados/as se están vendo moito máis prexudicados. No último ano o descenso no número de persoas asalariadas foi do 1,8%, 15.300 asalariados/as menos. Desde o ano 2007 son 74.100 os traballadores/as por conta allea que perderon o seu posto de traballo: o 67% do total da perda de ocupación.

Entre os asalariados/as descendeu a ocupación no sector privado, xa que no público medrou en 1.600 traballadores/as.

Persoas ocupados por situación profesional.

	Total			11-out
	2007	2010	2011	
<b>Total</b>	1.193,40	1.100,70	1.083,00	-1,6
Empresario/a con asalariados/as	249	71,3	70,5	-1,1

Traballador/a independente ou empresario/a sen asalariados/os		152,8	151,9	-0,6
Asalariado/a do sector público	922	196,4	198	0,8
Asalariado/a do sector privado		666,8	649,9	-2,5
Axuda na empresa ou negocio familiar	21,5	12,2	11,3	-7,4
Outros	0,9	1,1	1,4	27,3
<b>Homes</b>				
Total	678,3	600,8	583,4	-2,9
Empresario con asalariados/as	147,3	48,7	47,2	-3,1
Traballador independente ou empresario sen asalariados/as		84,5	83,1	-1,7
Asalariado do sector público	521,1	86,6	88,8	2,5
Asalariado do sector privado		374,3	357,6	-4,5
Axuda na empresa ou negocio familiar	9,4	6,3	6,1	-3,2
Outros	0,6	0,4	0,7	75,0
<b>Mulleres</b>				
Total	515	499,9	499,5	-0,1
Empresaria con asalariados/as	101,7	22,7	23,3	2,6
Traballadora independente ou empresaria sen asalariados/as		68,3	68,8	0,7
Asalariada do sector público	401	109,8	109,2	-0,5
Asalariada do sector privado		292,5	292,4	0,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	12,1	5,9	5,2	-11,9
Outros	0,3	0,7	0,7	0,0

Fonte: EPA. INE.

Aínda que en termos relativos a caída das axudas familiares é moi elevado, en valores absolutos son 900 as ocupacións desta categoría que se perderon no último ano.

Os empresarios/as con ou sen asalariados/as e cooperativistas son o segundo grupo máis afectado, xa que desde o inicio da crise descenderon nun 10,7%, o que en termos absolutos significa 26.600 traballadores/as independentes menos, dos cales 1.700 foron no último ano.

O descenso afectou tanto aos empresarios con asalariados/as como os que non, pero unicamente aos homes, xa que entre as mulleres aumentou o número de traballadoras por conta allea.

É curioso o fenómeno que se está dando no noso mercado de traballo desde a perspectiva de xénero, xa que non so se está destruindo moito máis emprego masculino que feminino en xeral, senón que entre os empresarios/as están desaparecendo unicamente empresarios homes e nacendo empresas a nome de mulleres, tanto con asalariados/as a cargo como sen eles.

Entre as persoas asalariadas, a temporalidade continúa descendendo.

Persoas asalariadas segundo tipo de contrato e sexo.

	Total	Homes	Mulleres
--	-------	-------	----------

Total	2010	863,2	460,9	402,4
	2011	847,9	446,4	401,6
Contrato indefinido	2010	646,5	357,7	288,8
	2011	638,2	346,2	292,1
Contrato temporal	2010	216,8	103,2	113,6
	2011	209,7	100,2	109,5
<b>Taxa de temporalidade</b>	<b>2010</b>	<b>25,1</b>	<b>22,4</b>	<b>28,2</b>
	<b>2011</b>	<b>24,7</b>	<b>22,4</b>	<b>27,3</b>

Fonte: EPA. INE.

A taxa media de temporalidade volve caer un ano máis. O descenso este ano apenas chega ao medio punto e prodúcese exclusivamente entre as mulleres, manténdose entre os homes.

A caída no número de asalariados/as é moi superior entre os homes (14.500 asalariados/as menos), e afecta por igual aos de contrato indefinido que temporal, por iso non varía a taxa de temporalidade.

Entre as mulleres, soamente se estiman 800 asalariadas menos. Ademais, aumentan as mulleres con contrato indefinido e descende as de temporal, de aí a caída da taxa de temporalidade. A pesar desta evolución, a taxa de temporalidade feminina supera en preto de 5 puntos a masculina.

### ➤ **Medran as persoas ocupadas a xornada parcial.**

Co fin de clarificarmos a situación destas novas asalariadas, imos ver como evoluciona o tipo de xornada por sexos.

Persoas ocupadas segundo tipo de xornada e sexo.

	2010	2011	Variación
Total			
Total	1.100,70	1.083,00	-1,6
Homes	600,8	583,4	-2,9
Mulleres	499,9	499,5	-0,1
Completa			
Total	972,2	951	-2,2
Homes	572,4	552,8	-3,4
Mulleres	399,8	398,2	-0,4
Parcial			
Total	128,4	132	2,8
Homes	28,4	30,6	7,7
Mulleres	100	101,4	1,4

Fonte: EPA. INE.

A conclusión é clara: descenden os traballadores/as a xornada completa e incrementáanse os/as de xornada parcial tanto entre os homes como entre as



mulleres, pero en maior medida entre os homes. Aínda así, as mulleres representan o 76,8% dos traballadores/as a xornada parcial.

A crise estamos levando a un acercamento na situación laboral das mulleres e a dos homes, pero sempre achegándonos á situación máis negativa, isto é:

- A caída dos salarios medios dos homes fai que as diferenzas salariais sexan cada vez menores.
- O forte medre do desemprego masculino fai que as taxas de paro entre homes e mulleres sexan practicamente as mesmas.
- A perda de emprego dos asalariados/as con contrato indefinido está igualando as taxas de temporalidade.
- O aumento de homes traballando a xornada parcial está diminuindo as diferenzas coas mulleres.
- Etc.

### ➤ Pontevedra é a provincia máis afectada pola crise.

Ao igual que ocorre na análise sectorial (por sexos, etc.), a análise por provincias tamén ofrece unha imaxe moi heteroxénea dos efectos da crise a nivel provincial.

Persoas ocupadas segundo provincia.

	Total			Variación	
	2007	2010	2011	11/10	11/07
<b>Galiza</b>	1.193,40	1.100,70	1.083,00	-1,6	-9,3
A Coruña	494,8	474,2	470,5	-0,8	-4,9
Lugo	139,3	140,9	137,8	-2,2	-1,1
Ourense	136,4	115,7	113,9	-1,6	-16,5
Pontevedra	422,8	369,9	360,8	-2,5	-14,7

Fonte: EPA. INE.

Parece que a crise, medida en termos de perda de emprego, afectou máis ás provincias do sur de Galiza que ás do norte. Desde o ano 2007, o descenso da ocupación foi dun 16,5% na provincia de Ourense e dun 14,7% na de Pontevedra, 22.500 e 62.000 traballadores/as menos respectivamente.

Desde o ano 2007, o 56,2% do emprego destruído foi na provincia de Pontevedra, e semella non remitir, xa que neste último ano tamén foi Pontevedra a máis castigada pola destrución de emprego, cunha caída do 2,5% no número de ocupados/as.

Na outra cara da moeda sitúase a provincia de Lugo, que parece máis á marxe das vicisitudes da economía, malia que é certo que no seo da mesma se destruíu emprego, mais esta destrución de emprego foi só dun 1,1% desde o ano 2007.

➤ **A poboación estranxeira está sendo a máis prexudicada pola crise.**

Persoas ocupadas segundo nacionalidade

	2010	2011	Variación
Total	1.100,70	1.083,00	-1,6
Española e dobre nacionalidade	1.046,70	1.036,60	-1,0
Estranxeira: Total	54	46,4	-14,1

Fonte: EPA. INE.

Entre a poboación estranxeira a crise está facendo unha verdadeira desfeita. Neste último ano o descenso da ocupación entre este colectivo foi do 14%, fronte ao 1% dos de nacionalidade española (aquí non son só galegos/as).

## Poboación parada.

O medre da poboación parada é o dato máis dramático da crise, e esta non deixa de medrar .

➤ **O maior aumento do paro prodúcese entre os que levan máis de 2 anos á procura de emprego.**

Poboación parada segundo tempo a procura de emprego.

						Variación	
	2007	2008	2009	2010	2011	11/10	11/07
<b>Total</b>	<b>98,7</b>	<b>114,7</b>	<b>165,9</b>	<b>200,3</b>	<b>228,3</b>	<b>14,0</b>	<b>131,3</b>
Menos de 6 meses	45,3	55,2	71,9	67,5	72,9	8,0	60,9
De 6 meses a < 1 ano	11,3	13,4	33,2	42,1	37,1	-11,9	228,3
De 1 ano a menos de 2 anos	10,5	14,2	25,8	46,3	55	18,8	423,8
2 anos ou máis	17,5	16,4	23,3	35	51,8	48,0	196,0
Xa atopou traballo	14,1	15,5	11,8	9,4	11,5	22,3	-18,4
Máis dun ano no paro.	28	30,6	49,1	81,3	106,8		
Máis de 1 ano /total	28,4	26,7	29,6	40,6	46,8		

Fonte: EPA.INE.

No último ano, aumentou o número de parados nun 14%, o equivalente a 28.000 persoas máis engrosando a lista de desempregados/as, co agravante de que son os/as que levan máis tempo nesta situación onde máis aumentaron as listas.

Entre as persoas que levan máis de 2 anos paradas, aumentou o desemprego un 48%, e xa preto dun cuarto dos desempregados/as se ven nesta situación; fóra polo tanto do dereito a percibir a prestación contributiva, o que os/as deixa nunha situación económica moi precaria. E se a estes lles engadimos os/as que levan máis dun ano, atopámonos con preto da metade dos parados/as, posto que conxuntamente son 106.800 as persoas paradas que levan máis dun ano sen emprego.

Temos, polo tanto, un elevado número de traballadores/as en situación de desemprego, e o que é tan grave, levan demasiado tempo nesta situación.

### ➤ **A taxa de paro sitúase no 17,4%.**

Así as cousas, as taxas de paro son as que seguen:

Taxa de paro

	2007	2010	2011
Total	7,6	15,4	17,4
Homes	5,7	14,6	16,6
Mulleres	10,0	16,3	18,3

Fonte: EPA.INE.

A taxa media de paro medrou 2 puntos, e afectou na mesma medida a homes que a mulleres. A explicación está que mentres entre os homes medrou moito máis o desemprego dos que xa tiñan traballo, é dicir, perderon moitos homes o posto de traballo. Entre as mulleres non foi tanto por iso senón polo saída a busca de emprego dun número importante de mulleres que antes eran consideradas poboación inactiva.

Dese o ano 2007 a taxa de paro medrou 10 puntos: 11 puntos a masculina e 8 puntos a feminina.

### ➤ **A xente nova é a que soporta as maiores taxas de desemprego.**

A idade marca máis a diferenza que o sexo na taxa de paro.

Taxa de paro segundo idade.

	2007	2010	2011
Total	7,6	15,4	17,4
de 16 a 24 anos	15,9	35,4	37,6
de 25 a 54 anos	7,1	14,6	16,9
de 55 e máis anos	5,1	9,0	10,6

Fonte: EPA.INE.

A medida que aumenta a idade medra a taxa de paro, sendo a xente nova a máis prexudicada pola lacra do desemprego, xa que os/as menores de 24 anos acadan unhas taxas de paro do 37,6%, 21,7 puntos máis que no ano 2007.

No resto dos grupos de idade tamén aumentou de forma alarmante: duplicouse en apenas un lustro.

### ➤ Pontevedra alcanza a taxa de paro máis elevada.

Taxa de paro por provincias.

	2010	2011
<b>Galiza</b>	15,4	17,4
A Coruña	14,0	16,0
Lugo	10,9	12,0
Ourense	16,5	18,0
Pontevedra	18,3	20,9

Fonte: EPA.INE.

Por provincias, o incremento da taxa de paro foi moi homoxénea; medrou 2 puntos en todas no último ano. Porén, nunha perspectiva máis “histórica”, a provincia máis afectada é a de Pontevedra, cun 20,9% da poboación activa no paro; máis de 3 puntos por riba da media en Galiza.

Lugo, cunha taxa de paro do 12%, é a provincia en mellor situación.

### ➤ A maior nivel de estudos, menores taxas de paro.

Taxa de paro segundo nivel de estudos.

	2010	2011
Total	15,4	17,4
Analfabetos/as	41,8	76,6
Estudios primarios	19,3	21,4
Educación secundaria. Primeira etapa	18,0	21,0
Educación secundaria. Segunda etapa	15,5	17,8
Educación superior	11,4	12,3

Fonte: EPA.INE.

A pesar de que en todos os grupos, o nivel de desemprego é moi elevado, este descende a medida que aumenta o nivel de estudos. Así, entre as persoas analfabetas a taxa de paro é do 76,6% e entre as de educación superior está no 12,3%; ademais, neste colectivo foi onde menos aumentou.

➤ **Galiza é das comunidades onde máis medra o paro.**

Poboación parada segundo comunidade.

	2010	2011	Variación	Taxa de paro
<b>Total</b>	<b>4632,4</b>	<b>4998,95</b>	<b>7,9</b>	<b>21,6</b>
Andalucía	1110,5	1211,9	9,1	30,4
Aragón	95,4	110,9	16,2	17,1
Asturias	76,8	85,6	11,6	17,9
Balears (Illes)	120,3	128,9	7,2	22,0
Canarias	310,7	328,7	5,8	29,7
Cantabria	38,3	42,4	10,7	15,3
Castela e León	187,0	197,8	5,8	16,7
Castela - A Mancha	206,4	229,2	11,1	22,9
Catalunya	677,1	733,9	8,4	19,3
Comunitat Valenciana	587,4	612,4	4,3	24,5
Estremadura	114,1	124,0	8,7	25,1
<b>Galiza</b>	<b>200,3</b>	<b>228,2</b>	<b>14,0</b>	<b>17,4</b>
Madrid	550,9	565,8	2,7	16,7
Murcia	172,6	187,3	8,5	25,4
Navarra	36,5	40,0	9,7	12,9
País Vasco	110,6	127,1	14,9	12,0
Rioxa	22,4	26,6	19,0	17,0

Fonte: EPA.INE.

Aínda que a crise está sendo xeneralizada, hai comunidades onde a situación se está volvendo insostíbel.

## Poboación inactiva.

➤ **Aumentan os homes inactivos, descenden os mulleres nesta situación.**

Persoas inactivas por clase de inactividade e sexo.

	2010	2011
Total		
Total	1.082,4	1.065,8
Estudantes	152,1	149,5
Retirados/as, xubilados/as e pensionistas	571,6	590,4
Labores da casa	235,0	216,6
Outros	118,8	102,7
Non sabe. Non refire estado de inactividade	4,8	6,6
Homes		
Total	434,7	435,3
Estudantes	71,2	69,5

Retirados, xubilados e pensionistas	274,6	284,0
Labores da casa	24,8	25,3
Outros	60,1	51,8
Non sabe. Non refire estado de inactividade	4,0	4,7
Mulleres		
Total	647,8	630,4
Estudantes	80,9	80,0
Retiradas, xubiladas e pensionistas	297,0	306,3
Labores da casa	210,3	191,3
Outros	58,7	50,9
Non sabe. Non refire estado de inactividade	0,9	1,9

Fonte: EPA.INE.

A evolución da poboación inactiva é “de libro” nunha situación de crise: medra o número de homes en situación de inactividade, debido ao aumento das xubilacións, retiros, etc., homes que son os que poden acceder por idade e por levar moitos máis anos no mercado de traballo. En troca, descende entre as mulleres, porque moitas que ata o de agora se dedicaban aos labores da casa vense obrigadas a saír ao mercado de traballo ao perder o home o posto de traballo.

Vigo, 17 de febreiro de 2012.

Natividad López Gromaz

(Gabinete Técnico Confederal da CIG)